

ACTA NÚMERO: 45/2022

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 17 DE NOVEMBRO DE 2022.

Na sala de Comisións do Pazo Provincial sendo as 11 horas do día 17 de novembro de 2022 reúnen os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidente: Don Carlos López Font, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario da Deputación.
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 10 de novembro de 2022 (Reunión 44/2022).*
2. *Dar conta da oferta presentada pola empresa Faro de Vigo, S.A.U. (CIF A36600815) para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2023. (Expte.- 2022057958).*
3. *Dar conta da oferta presentada pola empresa Uniprex, S.A.U., para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2023. (Expte.- 2022061902).*
4. *Dar conta da oferta presentada pola empresa Televisión da Mancomunidade do Salnés, S.L., para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2023. (Expte.- 2022062948).*
5. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9401 Travesía Meis-San Salvador-Enlace Autovía (AG-41), do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+320 (Concello de Meis)". (Expte.- 2022029524).*
6. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado incoado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 9101 O Grove-Igrexa de San Vicente, do P.Q. 1+000 ó P.Q. 2+550 (O Grove)". (Expte.- 2022039816).*
7. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado incoado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9702 As Sinas - Vilanova, entre o P.Q. 1+415 e o P.Q. 2+225 (Vilanova de Arousa)". (Expte.- 2022039817).*
8. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do "Subministro de licenzas Microsoft para a Deputación de Pontevedra". (Expte.- 2022052888).*
9. *Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "A" no procedemento aberto simplificado incoado para a contratación da obra "Mellora do CEIP Daría González García". (Expte.- 2022034932).*
10. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado incoado para a contratación da obra "Mellora do CEIP Daría González García". (Expte.- 2022034932).*
11. *Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "A" no procedemento aberto simplificado incoado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos - Puxeiros dende o P.Q. 0+020 ata o P.Q. 0+600 (Concello de Mos)". (Expte.- 2022045199).*
12. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado incoado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria*



mobilidade peonil na EP-2601 Mos - Puxeiros dende o P.Q. 0+020 ata o P.Q. 0+600 (Concello de Mos)". (Expte.- 2022045199).

13. *Aprobación das valoracións técnicas do sobre "A" no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do "Servizo de soporte e mantemento para os equipos que forman parte da infraestrutura hiperconverxente de servidores para as bases de datos Oracle da Deputación de Pontevedra". (Expte.- 2022055451).*
14. *Apertura electrónica dos sobres "B", correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do "Servizo de soporte e mantemento para os equipos que forman parte da infraestrutura hiperconverxente de servidores para as bases de datos Oracle da Deputación de Pontevedra". (Expte.- 2022055451).*

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, D. Uxío Benítez Fernández, Deputado do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego, D. Miguel Adolfo Dominguez Alfonso, Deputado do Grupo provincial do Partido Popular e D. Gabriel Rodriguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 10 de novembro de 2022 (Reunión 44/2022).

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior do día, 10 de novembro de 2022 (Reunión 44/2022).

2. Dar conta da oferta presentada pola empresa Faro de Vigo, S.A.U. (CIF A36600815) para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2023. (Expte.- 2022057958).

O Secretario informa que por acordo da Xunta de Goberno, adoptado na súa sesión ordinaria do día 4 de novembro de 2022, aprobouse o expediente para a contratación para a adxudicación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do contrato con Faro de Vigo, S.A.U. para a cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2023.

No citado acordo tamén se procedeu a invitar á empresa FARO DE VIGO, S.A.U. (A36600815) a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas



do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 08/11/2022.

A empresa FARO DE VIGO, S.A.U. (A36600815) presentou a proposición con data 11/11/2022 e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	225.206,61 €
--------------------------	--------------

Porcentaxe de desconto ofertado sobre os prezos de licitación: 0%

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa FARO DE VIGO, S.A.U. (A36600815) para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2023.

3. Dar conta da oferta presentada pola empresa Uniprex, S.A.U., para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2023. (Expte.- 2022061902).

Por Resolución Presidencial número 2022007827 de data 07/11/2022, aprobouse o expediente para a contratación para a adxudicación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, da cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2023.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á empresa UNIPREX, S.A.U. (A28782936) a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 07/11/2022.

A empresa UNIPREX, S.A.U. (A28782936) presentou a proposición con data 10/11/2022 e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	36.363,64 €
--------------------------	-------------



Porcentaxe de desconto ofertado sobre os prezos de licitación: 0%

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa UNIPREX, S.A.U. (A28782936) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2023.

4. Dar conta da oferta presentada pola empresa Televisión da Mancomunidade do Salnés, S.L., para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2023. (Expte.- 2022062948).

Por Resolución Presidencial número 2022007774 de data 03/11/2022, aprobouse o expediente para a contratación para a adxudicación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, da cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2023.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á empresa Televisión da Mancomunidade do Salnés, S.L. (B36223600) a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 07/11/2022.

A empresa Televisión da Mancomunidade do Salnés, S.L. (B36223600) presentou a proposición con data 10/11/2022 e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	24.793,39 €
--------------------------	-------------

Porcentaxe de desconto ofertado sobre os prezos de licitación: 0%

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa Televisión da Mancomunidade do Salnés, S.L. (B36223600) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2023.

5. Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9401"



Travesía Meis-San Salvador-Enlace Autovía (AG-41), do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+320 (Concello de Meis)". (Expte.- 2022029524).

O Secretario informa que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 16/09/2022 acordou aprobar o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9401 Travesía Meis-San Salvador-Enlace Autovía (AG-41), do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+320 (Concello de Meis)". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 21 de setembro de 2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na reunión de data 13/10/2022 procedeu á apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliabile mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9401 Travesía Meis-San Salvador-Enlace Autovía (AG-41), do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+320 (Concello de Meis)".

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
- NAROM, S.L.
- CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.

A Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaliaran e ponderaran as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

O Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Francisco Alonso Fernández, con data 21/10/2022, emitiu o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	20,00	3,00	23,00



LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	18,00	3,00	21,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	18,00	3,00	21,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	16,00	2,00	18,00
NAROM, S.L.	18,00	3,00	21,00
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	22,00	3,00	25,00

A Mesa de Contratación na reunión de data 27/10/2022 en base ó informe do Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías e Obras, D. Francisco Alonso Fernández, de data 21/10/2022, acordou prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas neste procedemento.

Na mesma sesión a Mesa de Contratación tamén procedeu á apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos.

Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONOMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	196.247,60 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	187.370,98 €	3%	36 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	183.764,22 €	3%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	194.163,70 €	3%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	190.332,53 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	183.022,83 €	3%	36 MESES	SI	SI

A continuación procedeuse a examinar as ofertas económicas detectando que a oferta presentada por CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.



Ante este feito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario para que procedera a requirir ás citadas empresas para que xustificaran as súas ofertas e precisaran as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispuxeran para executar este contrato.

Rematado o prazo do requirimento, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., presentou a xustificación da súa oferta en prazo, dando traslado da mesma ós servizos técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, para que emitiran o preceptivo informe.

Con data 09/11/2022 emitiu informe o xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas, recollendo o seguinte: *“...considero que a empresa CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS S.A. (COVSA) NON xustifica de forma correcta a oferta económica desproporcionada (baixa temeraria) presentada pola mesma, e NON debe ser tida en consideración no proceso de adxudicación da obra...”*

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación, procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACIÓN ECONOMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACIÓN SOBRE “B”
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	7,03	5,00	5,00	5,00	22,03
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	21,59	5,00	5,00	5,00	36,59
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	27,06	5,00	5,00	5,00	42,06
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	10,58	5,00	5,00	5,00	25,58
NAROM, S.L.	17,10	5,00	5,00	5,00	32,10

A Mesa de Contratación acorda:

1. Propor ó órgano de contratación, excluír do procedemento a oferta presentada por CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., pois oferta valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.



2. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9401 Travesía Meis-San Salvador-Enlace Autovía (AG-41), do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+320 (Concello de Meis)", que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACION SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	21,00	36,54	42,06
2ª	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	21,00	42,07	36,59
3ª	NAROM, S.L.	21,00	21,92	32,10
4ª	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	18,00	31,84	25,58
5ª	CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	23,00	42,58	22,03

3. Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9702 As Sinas - Vilanova, entre o P.Q. 1+415 e o P.Q. 2+225 (Vilanova de Arousa)" á empresa MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., (CIF B36533537) de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado 183.764,22 €
 IVE (21%) 38.590,49 €
 Importe Total 222.354,71 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que a empresa MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm 4577) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.



4. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.. mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:
- a) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:
- 1 Delegado do Contratista, Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares
 - 1 Xefe de Obra, con titulación de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos ou equivalente. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares
 - 1 Encargado Xeral, con experiencia para dirixir os equipos e elaborar informes técnicos. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares.
- b) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 9.188,21 €

6. Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado incoado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 9101 O Grove-Igrexa de San Vicente, do P.Q. 1+000 ó P.Q. 2+550 (O Grove)". (Expte.-2022039816).

O Secretario informa que a Xunta de Goberno na sesión ordinaria de data 16/12/2022 acordou aprobar o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 9101 O Grove-Igrexa de San Vicente, do P.Q. 1+000 ó P.Q. 2+550 (O Grove)". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 21 de setembro de 2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na reunión de data 13/10/2022 procedeu á apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra " Mellora da seguridade viaria na E.P.9101 O Grove-Igrexa de San Vicente, do P.Q. 1+000 ó P.Q. 2+550 (O Grove)".



As empresas admitidas foron as seguintes:

- ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.
- HORDESCON, S.L.
- CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- ELSAMEX GESTION DE INFRAESTRUCUTRAS, S.L.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
- NAROM, S.L.
- CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.

A Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaliaran e ponderaran as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

O Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Francisco Alonso Fernández, con data 21/10/2022, emitiu o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACION SOBRE "A"
ORESAS CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	18,00	3,00	21,00
HORDESCON, S.L.	14,00	2,00	16,00
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	20,00	3,00	23,00
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	20,00	3,00	23,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	18,00	2,00	20,00
ELSAMAX GESTION DE INFRAESTRUCUTRAS, S.L.	16,00	2,00	18,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	14,00	2,00	16,00
NAROM, S.L.	16,00	3,00	19,00
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	20,00	3,00	23,00



A Mesa de Contratación na reunión de data 27/10/2022 en base ó informe do Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías e Obras, D. Francisco Alonso Fernández, de data 21/10/2022, acordou prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas neste procedemento.

Na mesma sesión a Mesa de Contratación tamén procedeu á apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos.

Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	451.459,42 €	3%	36 MESES	SI	SI
HORDESCON, S.L.	455.518,00 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	427.974,41 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	417.257,95 €	3%	36 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	428.658,44 €	3%	36 MESES	SI	SI
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	426.000,00 €	3%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	432.306,60 €	3%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	432.899,42 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	422.958,20 €	3%	36 MESES	SI	SI

A continuación procedeuse a examinar as ofertas económicas detectando que a oferta presentada por CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Ante este feito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario para que procedera a requirir ás citadas empresas para que xustificaran as súas ofertas e precisaran as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispuxeran para executar este contrato.

Rematado o prazo do requirimento, non consta que CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., presentara xustificación algunha da súa oferta polo que NON debe ser tida en consideración no proceso de adxudicación da obra.



De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACION ECONOMICA	PRAZO DE GARANTIA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACION SOBRE "B"
ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	3,52	5,00	5,00	5,00	18,52
HORDESCON, S.L.	0,39	5,00	5,00	5,00	15,39
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	21,05	5,00	5,00	5,00	36,05
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	20,58	5,00	5,00	5,00	35,58
ELSAMEX GESTION DE INFRAESTRUCUTRAS, S.L.	22,40	5,00	5,00	5,00	37,40
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	18,09	5,00	5,00	5,00	33,09
NAROM, S.L.	17,68	5,00	5,00	5,00	32,68
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	24,48	5,00	5,00	5,00	39,48

A Mesa de Contratación acorda:

1. Propor ó órgano de contratación, excluir do procedemento a oferta presentada pola empresa CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., pois oferta valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.
2. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto "Mellora da seguridade viaria na E.P. 9101 O Grove - Igrexa de San Vicente, do P.Q. 1+000 ó P.Q. 2+550" que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACION SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	23,00	39,48	62,48



POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACION SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
2	CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	23,00	36,05	59,05
3	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	20,00	35,58	55,58
4	ELSAMEX GESTION DE INFRAESTRUCUTRAS, S.L.	18,00	37,40	55,40
5	NAROM, S.L.	19,00	32,68	51,68
6	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	16,00	33,09	49,09
7	ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	21,00	18,52	39,52
8	HORDESCON, S.L.	16,00	15,39	31,39

3. Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adjudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 9101 O Grove - Igrexa de San Vicente, do P.Q. 1+000 ó P.Q. 2+550" á empresa CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A (CIF A36008886), de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado422.958,20 €
 IVE (21%)88.821,22 €
 Importe Total 511.779,42 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que a empresa CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., figura inscrita Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (num 182) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.



4. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A, mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:
- a. Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:
- 1 Delegado do Contratista, Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares
 - 1 Xefe de Obra, con titulación de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos ou equivalente. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares
 - 1 Encargado Xeral, con experiencia para dirixir os equipos e elaborar informes técnicos. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares.
- b. Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 21.147,91 €

7. Proposta de adjudicación do procedemento aberto simplificado incoado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9702 As Sinas - Vilanova, entre o P.Q. 1+415 e o P.Q. 2+225 (Vilanova de Arousa)". (Expte.-2022039817).

O Secretario informa que a Xunta de Goberno na sesión celebrada o día 09/09/2022 acordou aprobar o expediente de contratación para a adjudicación, mediante procedemento aberto simplificado da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9702 As Sinas - Vilanova, entre o P.Q. 1+415 e o P.Q. 2+225 (Vilanova de Arousa)". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 13 de setembro de 2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na reunión de data 07/10/2022 procedeu á apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da



movilidade peonil na E.P. 9702 As Sinas - Vilanova, entre o P.Q. 1+415 e o P.Q. 2+225 (Vilanova de Arousa)”

As empresas admitidas foron as seguintes:

- HORDESCON, S.L.
- CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
- NAROM, S.L.
- CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
- CONSTRUCCIONES CASTRO FITUEIRO, S.L.U.

A Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaliaran e ponderaran as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

O Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Francisco Alonso Fernández, con data 17/10/2022, emitiu o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACION SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	20,00	3,00	23,00
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	20,00	2,00	22,00
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	20,00	2,00	22,00
NAROM, S.L.	20,00	2,00	22,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	20,00	2,00	22,00
HORDESCON, S.L.	14,00	2,00	16,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	14,00	2,00	16,00
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	14,00	2,00	16,00



A Mesa de Contratación na reunión de data 27/10/2022 en base ó informe do Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías e Obras, D. Francisco Alonso Fernández, de data 17/10/2022, acordou prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas neste procedemento.

A Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos. Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
HORDESCON, S.L.	224.749,95 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	215.407,00 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	215.203,89 €	3%	36 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	206.944,18 €	3%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	202.882,02 €	3%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	212.676,33 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	224.411,44 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.	210.284,17 €	3%	36 MESES	SI	SI

A continuación procedeuse a examinar as ofertas económicas detectando que as ofertas presentadas por MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.A., e EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, conteñen valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Ante este feito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario para que procedera a requirir ás citadas empresas para que xustificaran as súas ofertas e precisaran as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispuxeran para executar este contrato.

Rematado o prazo do requirimento, non consta que MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.A., e EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L., presentaran xustificación algunha das súas ofertas polo que NON deben ser tidas en consideración no proceso de adxudicación da obra.



De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación na reunión de data 27/10/2022, procedeu á valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACIÓN ECONÓMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACIÓN SOBRE "B"
HORDESCON, S.L.	1,48	5,00	5,00	5,00	16,48
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	16,05	5,00	5,00	5,00	31,05
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	16,32	5,00	5,00	5,00	31,32
NAROM, S.L.	19,75	5,00	5,00	5,00	34,75
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	2,03	5,00	5,00	5,00	17,03
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.	23,00	5,00	5,00	5,00	38,00

A Mesa de Contratación acorda:

